

BASES PARA O CONCURSO DE ACRÓSTICOS DAS LETRAS GALEGAS 2021

Para homenaxear o Día das Letras Galegas 2021, dedicado á escritora Xela Arias, distintos Departamentos, Biblioteca e Equipo de Dinamización Lingüística do IES Fernando Esquío organizan un concurso de acrósticos para o alumnado do centro. A data límite de entrega dos acrósticos é o xoves 13 de maio de 2021.

As bases son as seguintes:

Creación dun acróstico en galego co nome da autora homenaxeada, XELA ARIAS, ou co TÍTULO dun dos seus libros. O contido do acróstico ten que estar estritamente relacionado coa autora e a súa obra.

Entregarase en papel dentro dun sobre pechado (e sen dobrar). O nome do alumno/a só figurará no sobre por fóra, xunto cos seus apelidos, curso, grupo e categoría na que participa (1ª categoría: 1º ESO, 2º ESO, 3º ESO; 2ª categoría: 4º ESO, 1º BAC, 2º BAC).

A entrega é antes do xoves 13 de maio (incluído) e daráselle á profesora Micaela Rei Castro na sala de profesores no primeiro recreo.

O xurado de cada unha das categorías reunirase a partir do martes 18 de maio e nesa mesma semana fará público o nome dos gañadores/as, así como a entrega de premios.

S omentes

I ntentaba conseguir

D eixar na terra

A lgo de min que me sobrevivise

S abendo que debería ter sabido

I mpedirme a min mesmo

D escubrir que só fun un interludio

A troz entre dous muros de silencio

S ó puiden evitar vivindo á sombra

I nocularlle para sempre a quen amaba

D oses letais de amor que envelenaba

A súa alma cunha dor eterna

S ustituindo o desexo polo exilio

I nicieei a viaxe sen retorno

D eixándome levar sen resistencia

ó fondo dunha interna

A niquilación chea de nostalxia

Lois Pereiro, Poesía última de amor e enfermidade